

Desterrada do meu corpo

Verónica Martínez Delgado

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

MARTÍNEZ DELGADO, VERÓNICA (2011 [2001]). *Desterrada do meu corpo*. Santiago de Compostela: A.C. Amaía, colección Letras de Cal. Reedi-
ción en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cul-
tura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/863>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

MARTÍNEZ DELGADO, VERÓNICA (2001). *Desterrada do meu corpo*. Santiago
de Compostela: A.C. Amaía, colección Letras de Cal.

* Edición dispoñíbel desde o 29 de maio de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) ar-
quivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais
de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións per-
tinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira al-
ternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este
texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a co-
laboración de autores e editores.



Desterrada do meu corpo

ACCÉSIT 1º PREMIO DE POESÍA LETRAS DE CAL

Verónica Martínez Delgado



Desterrada do meu corpo

ACCÉSIT 1º PREMIO DE POESÍA LETRAS DE CAL

Verónica Martínez Delgado



Desterrada do meu corpo
© Verónica Martínez Delgado
Letras de Cal

Ilustración:
Folloni

Edita:
A. C. Amaía
Apdo. 142, Compostela
Galiza, maio 2001

Imprime:
Litosprint, S.L. - Pontevedra

ISBN: 84-931169-2-0
D.L.: PO-235/2001

A Gustavo Lamas Hermida, dez
anos despois, cumprindo
a miña promesa.

A ti, polo desterro

*sostituíndo o desexo polo exilio
inicie a viaxe sen retorno
deixándome levar sen resistencia
ó fondo dunha interna
anihilación chea de nostalxia.*

(Lois Pereiro)

*eu non fago libros
dou a miña vida exacta e sincera*

(Antón Tovar)

*E caminhava como se o corpo desistise de me
acompañar sem corpo.*

(José Luís Peixoto)

Não sou um intelectual, escrevo com o corpo.

(Clarice Lispector)

Lonxe,
tan lonxe
da realidade.

Aquí non hai
nin un mar
que levar á boca,
a través do que poder fuxir
lonxe desta terra de seca.

Císcase
a miña intimidade
por esta habitación,
por esta cidade
sen nome nos mapas,
rebordando os muros de contención
como cando rompes augas.

Sabedes todos que levo anel
e pasades cada noite
polo meu cuarto,
ambulancias berrando,
taxistas apresurados,
pilotos e trens de arredores,
os choros da nena
e ata o teléfono e o espertador
dos veciños.

Chorei
denantes de coñecer
o mal
que se aveciñaba.
Non podía imaxinar
que ía mudar de pelo a gaivota,
nin que endexamais
volvería a ver
o mar.

L^evo esta dor
cravada nos ollos
como unha doenza,
por máis quilómetros
que interpoña
non deixo de ver
este mar
afincado en cada parto.

Inventarme
un país
semellante ó do Principiño
para buscar o noso año
xuntos.
E non atopamos
máis que rúas deformes,
ateigadas de xente.

Crávame as unllas
nos antebrazos,
róeme os pés,
calquera dor,
antes de facerme
ficar aquí,
para sempre.

Habitada por fin
e desterrada
neste exílio voluntario.

Agora
sei
que Madrid
non existe.
Creaches
este gran escenario
para min,
cando aínda
me amabas.



ocábasme

o ventre

coma un deus toca o seu mundo.

Eu non estaba preñada,

pero medroume un mar

de desexos

que durou unha vida.

Comprendín á primeira
que as xemas dos teus dedos
no meu peito
deixaban formas inexistentes
na Natureza,
máis fermosas
que as obras dos pintores do Barroco.

Abrichesme
o peito
como nunha autopsia.
Precisabas saber por qué
morría
cada domingo.
Querías ver
como se fundía
a alma
cos cantís.
Agora dime que estou fea
con estes costuróns.

Síntome
estraña neste corpo
que non me pertence,
dentro
desta pel reseca
e por baixo destes cabelos tan lasos.
O DI di que son eu,
respondo o meu nome...
Non podoo
ser eu,
os teus bicos xa non me saben igual.

Q uedei durmida
un par de séculos
no teu tempo.
Espertei triste
aínda sen saber
que perdera do meu ventre
aquel océano
que parías cada amencer.

Din que o corpo
algo ten que ver co pecado.
Pero o pecado
está en precisar do teu sorriso,
en renunciar
ó primordial
só por ver cómo roes nas unllas.

Posúo
a madurez,
por fin,
de pensar
máis alá dos latexos
da vida
e do sexo
dos anfibios.

O
bserve
o pracer
dende os barrotes
e non poder ter
nin un milímetro
do que é
para os máis.

Estou tan podrecida
por dentro
que me teño que abrazar
á terra por onde as raíces,
para non morrer
de medo.

Tño que chucharche
a sede das raíces,
despoxarte dos terróns,
pero con coidado,
para non deixarche espida
a alma.

Arrastro o meu bafo
por toda Coimbra,
abaneo o meu corpo.
Levo dentro o flamenco
de Pedro Loao
sen decatarme
de cómo me ollas.

En Lisboa os fados
soan a tunos esquecidos
e ninguén é xa estranxeiro
no meu corpo.

Cando aínda non poñían
o nome nos mapas,
chamábate
cos beizos sen fonemas.
Agora, que tes nome,
andan a dicir
que están errados
os mapas.

Non imos ir á Mezquita de If-Tulum este ano,
pero imos cada día ó hospital.
Dixenlles ós médicos
que só tiñas unha ka'aba no estómago.
Non me cren, pero sei que son xenreiras.

Quixéchesme
tal e como era,
aínda sabendo
que me abrazaba
ás árbores.

Dende que vivo contigo
xa non me abrazo ás árbores.

Síntoo
pero nin xirafas
quedan xa,
por baixo deste asfalto
para regalarche
para a túa selva.

Esquecín
adrede
pechar a caixa baleira,
que fora
enchendo
cos teus agasallos
e as túas lembranzas;
e algunha que outra
noite en branco
que pasei contigo.

Perdida
no lado baleiro
do teu armario,
navegando
a través das augas
que Moisés
non quixo abrir
para min.

Non sabías que tiñamos
na cociña
fósforos con tumores.
Acendiches mal
o lume
queimándome a reserva
de salitre.

Podes coller dúas tesoiras
coa mesma man
coma Eric Duyckaerts
e non mancarte.
Pero non cortas
o cordón umbilical
que nos separa,
que non me permite
amarte.

A mósasme con dozura
a túa colección de fotos de mortos
e penduras o cabalo disecado
da cúpula da Tate;
todo, por non dicirme
que xa non son
a túa musa.

As paisaxes do Renacemento
e os rostros de Van Eyck
ou Baldovinetti
doénme máis
do que me does ti
mentres choras
e non te abrazo.

Máis que parir,
máis que morrer,
doe moito máis
non precisar
ver cómo roes nas unllas.

Non quero morrer
coma Camille Claudel.
Non me ataques así,
non me mates aínda.
Pero non ves
que a miña maior arma
é o meu paraugas.

Vou parindo
coma gata
despois da xaneira
estes poemas de desterro,
un a un,
moi a modo
e con dor.

Isto non é a historia
dun naufraxio,
aínda non encallou
a balsa da Medusa.

A mosarse excelente
coma se o desexo
puntuase.

Non fun Judit,
nin Salomé,
nin as mulleres fatais
de Klimt, nin de Dalí,
pero souben cómo rastrexar
o teu cheirume
a incenso, mirra e suor.

Amádeme
coma as anacondas.
Enroládeme
neste quente abraço
vós os dous.

Mentir,
para ser fiel
a este corpo
adormecido.
Vivir
na tolema
total e absoluta
de amar
partes inconclusas
de cada un.

Cánton
te amo
os días que engano
o meu amante contigo,
por debaixo
da árbore
que nace do revés.

Este desexo intermitente
de dor e calma
arrástrame sen piedade
para zorregarme
contra os cantís.

Q uerer crer
que a paixón
non ten dobreces,
que o sexo e o desexo
comezan e rematan
sobre a túa pel.

Quero fuxir de deus,
dos barrotes do leito,
desangrarme por fin
desta marea interna
e marchar no mesmo río
que Eurídice.

Se de verdade
mañá
remata o mundo,
sabede que levo as pupilas
cargadas de belezas,
imperfeccións e sentimentos alleos,
de paisaxes diminutas,
de rostros estranxeiros
e de calma.

Marcho
e levo de vestido
a túa pel suada e mallada
despois de tanta desfeita
do amor

Agora
só
me resta
escribir
sobre
esta encrucillada.

Este libro rematouse
de imprimir nos talleres de Litosprint
cando se facían 138 anos da publicación
de Cantares gallegos de Rosalía de Castro,
obra fundacional da literatura galega
contemporánea

Sei de certo que son o produto inevitable dun instante de desexo incontrolado de hai case vintecinco anos.

Esa paixón sen medida que domina todo o meu ser é a herdanza que obtiven dos meus pais e con ela quedo. Porque hai segundos tan longos e intensos que é necesario vivilos; aínda sabendo que terás que renunciar a vinte anos ou que te aniquilará despois a máis profunda das dores.

Confeso que me dou ós demais porque non comprendo outro xeito de achegamento, a pesar de intuír algunha que outra vez que os máis non me queren recibir.

O único que, en definitiva, vos resta por coñecer de min é que só son cando podo ollar a Frouxeira.

Direivos que non hai peor desterro que non recoñecerse dentro dun propio e que o maior dos exilios é ter a certeza de que o paraíso non existe.

Escribín todo isto porque xa non tiña outro xeito de me expresar.

Os alaridos da miña gorxa, as palabras de súplica dos meus ollos, os berros de auxilio do meu corpo desterrado non foron suficientes nin comprendidos.

E «só me resta escribir» non sei se sobre esta encrucillada ou sobre papel; con palabras escritas, para extirparme esa dor e regresar de novo ó meu corpo.

